

## Primeiras citas de *Anax parthenope* (Odonata: Aeshnidae) para Galicia e datos sobre o seu hábitat e comportamento

Emilio Martínez, Genaro da Silva & Cosme D. Romay

Martínez, E., da Silva, G. & Romay, C. D. 2011. Primeiras citas de *Anax parthenope* (Odonata: Aeshnidae) para Galicia e datos sobre o seu hábitat e comportamento. *Chioglossa*, 3: 7-13.

Preséntanse as primeiras citas de *Anax parthenope* para Galicia, obtidas en cinco concellos da fachada occidental (Sanxenxo –dous puntos–, Barro, A Illa de Arousa, Vimianzo e Cedeira) entre o 26/06/2010 e o 31/08/2010, correspondentes a un mínimo de 25 exemplares. Detállanse datos sobre hábitat e comportamento, incluíndo a observación da súa reprodución en Vimianzo.

Palabras clave: Odonata, Aeshnidae, *Anax parthenope*, Galicia, comportamento, hábitat, reprodución.

### INTRODUCCIÓN

*Anax parthenope* (Sélys, 1839) é unha libélula (Odonata: Aeshnidae) que ocupa o sur e centro de Europa e norte de África (incluíndo Madeira e as Canarias), chegando ao leste ata a China e o Xapón (Dijkstra & Lewington, 2006; Sánchez *et al.*, 2009; Mitra, 2010). Na metade sur e na franxa mediterránea da Península Ibérica atópase ben representada (Sánchez *et al.*, 2009; Herrera *et al.*, 2010), aínda que falta do cuadrante noroeste (Askew, 2004; Dijkstra & Lewington, 2006; Boudot *et al.*, 2009).

A súa presenza nunca fora citada en Galicia (Cordero, 1996; Azpilicueta *et al.*, 2007; A. Cordero, com. pers.). No presente traballo detállanse as primeiras citas para esta comunidade autónoma, supoñendo un notable avance na súa área de distribución na Península Ibérica (Dijkstra & Lewington, 2006); apórtanse, ademais, datos sobre o seu hábitat, comportamento e reprodución.

### ÁREA DE ESTUDO E MÉTODOS

Tras a primeira observación da especie, a finais de xuño de 2010, realizáronse prospeccións non sistemáticas e –puntualmente– in-

tensivas en toda a metade occidental de Galicia ata novembro, sobre todo no municipio de Sanxenxo. Mostrexáronse humidais amplos e con augas calmas *a priori* axeitados para esta especie (Dijkstra & Lewington, 2006). Para cada rexistro tomáronse notas sobre o sexo dos individuos, hábitat e comportamento.


### RESULTADOS

#### *Sinopse de rexistros*

Entre o 26/06/2010 e o 31/08/2010 obtivéronse 14 rexistros correspondentes a un mínimo de 25 individuos de *A. parthenope*, repartidos en seis localidades de cinco concellos diferentes (Anexo 1). As citas sitúanse en catro cuadrículas UTM de 10x10 km diferentes (fuso 29T, cuadrículas NH10, NH20, NH06 e NJ84; Figura 1).

#### *Hábitat*

Barreira da Fianteira (Sanxenxo). As observacións de *A. parthenope* foron efectuadas no bordo oeste da mesma, nunha delgada marxe de espadanas (*Typha latifolia*) con salgueiros (*Salix atrocinerea*) dispersos. Na masa de auga, preto da beira, hai unha banda duns 3 m de anchura de espigas de auga (*Potamogeton po-*



**Figura 1.** Cuadrículas UTM de 10x10 km con presenza de *Anax parthenope* durante o ano 2010 en Galicia (gris escuro). [10x10 km UTM grids with presence of *Anax parthenope* during 2010 in Galicia (dark grey).]

*lygonifolius*).

Encoro da Fervenza (Vimianzo). Localízanse individuos na beira da cola do encoro, en zona limosa con escasa vexetación. Preto existe un piñeiral (*Pinus pinaster*) pouco denso con zonas abertas de herbáceas, empregadas por individuos de *A. parthenope*.

Curro (Barro). Detéctase un exemplar na lámina de auga dunha canteira abandonada, con escasa vexetación palustre.

Barreiras de Rouxique (Sanxenxo). Obsérvase un individuo no bordo da barreira das Cachadas, que presenta unha estreita marxe de *T. latifolia* e *S. atrocinerea*, con pequenas cantidades de espadanas amarelas (*Iris pseudacorus*).

Lagoa do Carreirón (A Illa de Arousa). Localízase un macho na zona do canal circular da lagoa, con poboacións de xuncos (*Juncus maritimus*), espigas de auga (*P. polygonifolius*) e algunhas espadanas (*T. latifolia*) e salgueiros (*S. atrocinerea* e *S. repens*), ademais de amplas áreas con herbáceas.

San Andrés de Teixido (Cedeira). Rexístranse tres exemplares voando nunha zona de prados xunto a un piñeiral, preto da capela.

#### *Datos de comportamento*

O día 17/07/2010 obsérvase con detalle o comportamento dun grupo de dez *A. parthenope* no encoro da Fervenza (Vimianzo): durante dúas horas de observación, víronse catro femias ovopositando en diferentes ocasións, todas en solitario; unha delas chega a efectuar a posta a uns 40 cm dunha femia de emperador grande (*Anax imperator*). O resto de individuos obsérvase cazando, realizando incursións desde a beira do encoro cara a un pequeno desmonte con herba algo crecida, preto dun piñeiral (*P. pinaster*) pouco denso e baixo. Ao día seguinte (18/07/2010) recóllense datos de comportamento durante varias horas na barreira da Fianteira (Sanxenxo), que se ampliarían en posteriores avistamentos ata o 09/08/2010: dependendo da insolación de cada día, *A. parthenope* voa principalmente

entre as 8:00 e 9:30 h solar. Unha vez os individuos alzan o voo, inmediatamente son acosados e desprazados fóra da superficie ocupada pola masa de auga (e as súas beiras) por exemplares de *A. imperator*. Seguidamente, a maioría dos exemplares agrúpanse e comezan a cazar a distintas alturas xunto á vexetación herbácea e palustre da periferia da barreira, con voos activos intercalados con planeos, en ocasións acosados por exemplares de *A. imperator*. Obsérvase tamén que, con cada ataque, os individuos de *A. parthenope* recollen o seu corpo adoptando unha forma similar a un signo de interrogación, levando o extremo do seu corpo (abdome) cara ao tórax. Estes movementos repítense varias veces ao longo dalgúns minutos, podéndose detectar aos exemplares de *A. parthenope* en grupos mixtos con *A. imperator* simplemente por este feito. Durante as sesións de caza, *A. parthenope* realiza incursións ás augas libres da lagoa, sendo inmediatamente expulsados por machos de *A.*

*imperator*. Nas últimas horas de luz solar téñense visto exemplares de *A. parthenope* tanto no medio como nos bordos das masas de auga; así, o exemplar detectado o 10/07/2010 na Fianteira foi capturado na segunda metade da tarde patrullando o bordo de helófitas (con *T. latifolia*) do humidal. Nestas horas non se observou exemplar algún afastado da periferia inmediata da barreira. Na cita da Illa de Arousa o 31/07/2010, o exemplar (macho) patrullaba constantemente unha canle circular, case sen auga, aproximadamente ás 16:00 h solar. O día 31/08/2010 os tres machos atopados en San Andrés de Teixido voaban en círculos nuns prados adxacentes a un piñeiral, exhibindo un comportamento territorial, permanecendo dous deles en cadanseu territorio, expulsando ao terceiro macho ao aproximarse á zona.

## DISCUSIÓN

A recente aparición de *A. parthenope* en Ga-



**Figura 2.** *Anax parthenope* macho, capturado na barreira da Fianteira (Sanxenxo, Galicia) o 10/7/2010. Vista lateral. [*Anax parthenope* male, captured at A Fianteira gravel pits (Sanxenxo, Galicia) on 10/7/2010. Side view.]



**Figura 3.** *Anax parthenope* macho, capturado na barreira da Fienteira (Sanxenxo, Galicia) o 10/7/2010. Vista dorsal. [*Anax parthenope* male, captured at A Fienteira gravel pits (Sanxenxo, Galicia) on 10/7/2010. Dorsal view.]

licia, así como noutros puntos do norte ibérico (norte de Portugal, Valladolid, La Rioja e Álava; Ferreira *et al.*, 2008; Campos *et al.*, 2010; Torralba-Burrial & Ocharan, 2010; Valladares *et al.*, 2010) podería encadrarse na progresiva expansión ao norte da área de distribución da especie nos últimos anos, de xeito similar a outros Aeshnidae como *A. imperator* e *A. ephippiger*, posiblemente polo aumento da temperatura media (Hassall & Thompson, 2008; Termaat *et al.*, 2010). Con todo, cabe a posibilidade de que as observacións galegas se refiran a individuos vagantes: *A. parthenope* aproveita correntes ascendentes de aire para, en altas altitudes, ser levada polo vento a longas distancias (incluso centos de quilómetros) (Corbet, 1999; Goffart, 2010). No norte de Europa aparece a miúdo con ventos húmidos e cálidos do sur (Parr *et al.* 2004), que explicarían os recentes rexistros en Polonia, Estonia e Letonia (Kalniņš, 2009; Ott, 2009; Mitra, 2010). Tamén ten aparecido como vagante en Madeira en 2005 (Pelny, 2006). As

“invasións” de *A. parthenope*, como as dos veráns de 1983 e 1999 no noroeste de Europa, terían tamén unha compoñente errática, estando ligadas a masas de aire procedente do sur (De Knijf, 1999; Conze *et al.*, 2010; De Knijf & Anselin, 2010; Goffart, 2010).

Cómpre considerar que este odonato cambia a súa área de distribución coas variacións anuais na temperatura e precipitacións, con rápidos avances e retrocesos (Goffart, 2010).

A primavera de 2010 foi certamente benigna en temperatura no oeste de Galicia (meses de abril e maio), aínda que con escasas precipitacións; estas foron máis abundosas nos meses de febreiro e marzo (Meteogalicia, 2011). Sería necesario un seguimento para confirmar o asentamento da especie en Galicia.

#### AGRADECEMENTOS

A Pablo A. Sanmartín Santiago, pola cesión das fotografías que ilustran este artigo

e pola súa interese no estudo dos odonatos. Ao doutor Adolfo Cordero Rivera, pola axuda prestada. Para a captura dos exemplares de *A. parthenope* contouse coa autorización de excepción ás prohibicións para a protección da fauna e flora silvestre con clave 80/2010 expedida pola Consellería do Medio Rural da Xunta da Galicia.

## ABSTRACT

First records of *Anax parthenope* (Odonata: Aeshnidae) for Galicia and data on its habitat and behaviour.

First records of *Anax parthenope* for Galicia are presented, being obtained in five municipalities in the western coast (Sanxenxo –two places–, Barro, A Illa de Arousa, Vimianzo and Cedeira) between 26/06/2010 and 31/08/2010, and referred to a minimum of 25 individuals. Data of habitat and behaviour are detailed, including an observation of its reproduction in Vimianzo.

Keywords: Aeshnidae, *Anax parthenope*, behaviour, Galicia, habitat, Odonata, reproduction.

## BIBLIOGRAFÍA

- Askew, R. R. 2004. *The dragonflies of Europe*. Harley Books. Martins, Essex, Reino Unido.
- Azpilicueta, M., Rey, C., Docampo, F., Rey, X. L. & Cordero, A. 2007. A preliminary study of biodiversity hotspots for odonates in Galicia, NW Spain. *Odonatologica*, 36: 1-12.
- Boudot J. P., Kalkman, V. J., Azpilicueta, M., Bogdanovic, T., Cordero, A., Degabriele, G., Dommanget, J.-L., Ferreira, S., Garrigós, B., Jovic M., Kotarac, M., Lopau, W., Marinov, M., Mihokovic, N., Riservato, E., Samraoui, B. & Schneider, W. 2009. Atlas of the Odonata of the Mediterranean and North Africa. *Libellula Supplement*, 9. 256 pp.
- Campos, F., Santamaría, T., Santos, E. & Velasco, T. 2010. Presencia de *Anax parthenope* (Sélys, 1839) (Odonata: Aeshnidae) en la provincia de Valladolid (España). *Boletín de la S.E.A.*, 46: 382.
- Conze, K.-J., Grönghagen, N., Lohr, M., Menke, N. 2010. Trends in occurrence of thermophilous dragonfly species in North Rhine-Westphalia (NRW). In: Ott, J. (ed.). *Monitoring Climatic Change With Dragonflies*. BioRisk, 5: 31-45. Pensoft Publishers, Sofía-Moscú.
- Corbet, P. S. 1999. *Dragonflies. Behaviour and ecology of Odonata*. Harley Books, Essex, Reino Unido.
- Cordero, A. 1996. A preliminary checklist of the Odonata of Galicia. *Adv. Odonatol.*, Suppl. 1: 13-25.
- De Knijf, G. 1999. Invasie van *Anax parthenope* (Sélys) in België in 1999. *Gomphus*, 15: 119-129.
- De Knijf, G. & Anselin, A. 2010. When south goes north: Mediterranean dragonflies (Odonata) conquer Flanders (North-Belgium). In: Ott, J. (ed.). *Monitoring Climatic Change With Dragonflies*. BioRisk, 5: 141-153. Pensoft Publishers, Sofía-Moscú.
- Dijkstra, K.-D. B. & Lewington, R. 2006. *Field guide to the dragonflies of Britain and Europe*. British Wildlife Publishing, Gillingham, Reino Unido.
- Ferreira, S., Soares, A. & Grosso-Silva, J. M. 2008. Dragonfly (Insecta, Odonata) records from three northern Portugal localities. *Boletín de la Sociedad Entomológica Aragonesa*, 42: 445-446.
- Goffart, P. 2010. Southern dragonflies expanding in Wallonia (south Belgium): a consequence of global warming?. In: Ott, J. (ed.). *Monitoring Climatic Change With Dragonflies*. BioRisk, 5: 109-126. Pensoft Publishers, Sofía-Moscú.
- Hassall, C. & Thompson, D. J. 2008. The effects of environmental warming on Odonata: a review. *International Journal of Odonatology*, 11: 131-153.
- Herrera, T., Gavira, Ó. & Blanco, F. 2010. *Habitantes del agua. Odonatos*. Mediodes - Agencia Andaluza del Agua, Junta de Andalucía.
- Kalnīš, M. 2009. Lesser Emperor *Anax parthenope* (Selys, 1839) (Odonata: Aeshnidae) – a New Dragonfly Species in Latvia. *Latvijas Entomologs*, 47: 16-20.
- METEOGALICIA. 2011. *Informes climatolóxicos*:

- informes mensuais: ano 2010*. URL: <http://www.meteogalicia.es/web/observacion/informesclima/informesIndex.action> (con acceso: 29/3/2011).
- Mitra, A. 2010. *Anax parthenope*. In: IUCN. *IUCN Red List of Threatened Species*. Versión 2010.4. International Union for Conservation of Nature. URL: <http://www.iucnredlist.org/apps/redlist/details/165488/0> (con acceso: 29/3/2011).
- Ott, J. 2009. The Big Trek Northwards: Recent Changes in the European Dragonfly Fauna. In: Settele, J., Penev, L., Georgiev, T., Graubau, R., Grobelnik, V., Hammen, V., Klotz, S., Kotarac, M. & Kühn, I. *Atlas of Biodiversity Risk*, 78-79. Pensoft Publishers, Sofía-Moscú.
- Parr, A. J., De Knijf, G., Wasscher, M. (2004). Recent appearances of the Lesser Emperor *Anax parthenope* (Sélys) in north-western Europe. *Journal of the British Dragonfly Society*, 20: 5-16.
- Pelny, H.-J. 2006. Erster Nachweis von *Anax parthenope* auf dem Madeira-Archipel (Odonata: Aeshnidae). *Libellula*, 25: 27-30
- Sánchez, Á., Pérez, J., Jiménez, E. & Tovar, C. 2009. *Los Odonatos de Extremadura*. Consejería de Industria, Energía y Medio Ambiente.
- Termaat, T., Kalkman, V. J., Bouwman, J. H. 2010. Changes in the range of dragonflies in the Netherlands and the possible role of temperature change. In: Ott, J. (ed.). *Monitoring Climatic Change With Dragonflies*. BioRisk, 5: 155–173. Pensoft Publishers, Sofía-Moscú.
- Torrallba-Burrial, A. & Ocharan, F. J. 2010. Primera cita de *Anax parthenope* (Sélys, 1839) (Odonata: Aeshnidae) de La Rioja (España). *Boletín de la S.E.A.*, 46: 418.
- Valladares, L. F., García, F., Mazé, R. A., Miguélez, D. & Vega, F. J. 2010. *Estudio de la comunidad de Odonatos de los parques del Anillo Verde de Vitoria-Gasteiz. Informe para o Instituto de Medio Ambiente, Recursos Naturales y Biodiversidad*. URL: <http://www.vitoria-gasteiz.org/wb021/http/contenidosEstaticos/adjuntos/33496.pdf> (con acceso: 18/04/2011).

Emilio Martínez

Lugar de Gondariño, 13, 36990 Sanxenxo (Galicia)  
emi\_doel@yahoo.es.

Genaro da Silva

Grupo de Ecoloxía Evolutiva e da Conservación  
Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal  
Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal  
Universidade de Vigo  
Campus Universitario, s/n, 36005 Pontevedra (Galicia)

Cosme D. Romay

Grupo Naturalista Hábitat  
Rúa Camariñas, 8, baixo, 15002 A Coruña (Galicia)

Anexo 1. Rexistros de *Anax parthenope* en Galicia durante o ano 2010 (N=14). [Records of *Anax parthenope* in Galicia during 2010 (N=14).]

Data Date	Individuos Individuals	Lugar Place	Concello Municipality	UTM (X) 29T	UTM (Y) 29T	Altitude (m)	Observadores Observers	Notas Notes
26/6/2010	2	Barreira da Fiaiteira	Sanxenxo (PO)	514.113	4.700.274	5	E. Martínez Sabarís	Notas de campo, sen fotografías
10/7/2010	1	Barreira da Fiaiteira	Sanxenxo (PO)	514.113	4.700.274	5	E. Martínez, P. A. Sammartín Santiago, C. D. Romay Cousido	Capturado, fotografado (figuras 1 e 2) e liberado en boas condicións
12/7/2010	1	Barreira da Fiaiteira	Sanxenxo (PO)	514.113	4.700.274	5	E. Martínez Sabarís	Observado en voo
17/7/2010	2	Encoro da Fervenza	Vimianzo (CO)	501.474	4.763.067	285	E. Martínez Sabarís	
17/7/2010	10	Encoro da Fervenza	Vimianzo (CO)	501.459	4.763.573	288	E. Martínez Sabarís	Hai 4 femias ovopositando solitarias
17/7/2010	1	Canteira de Curro	Barro (PO)	527.302	4.708.043	171	E. Martínez Sabarís	Macho, voando e cazando
18/7/2010	7	Barreira da Fiaiteira	Sanxenxo (PO)	514.113	4.700.274	5	E. Martínez Sabarís	Notas de campo de comportamento
18/7/2010	1	Barreiras de Rouxi-que	Sanxenxo (PO)	512.469	4.700.121	5	E. Martínez Sabarís	
24/7/2010	5	Barreira da Fiaiteira	Sanxenxo (PO)	514.113	4.700.274	5	E. Martínez Sabarís	
27/7/2010	3	Barreira da Fiaiteira	Sanxenxo (PO)	514.113	4.700.274	5	E. Martínez Sabarís	Notas de campo de comportamento
31/7/2010	1	Lagoa do Carreón	A Illa de Arousa (PO)	510.751	4.708.562	5	P. Sammartín Santiago, C. Casalderrey Cánovas	Notas de campo de comportamento
9/8/2010	3	Barreira da Fiaiteira	Sanxenxo (PO)	514.113	4.700.274	5	E. Martínez Sabarís	Notas de campo de comportamento
29/8/2010	1	Encoro da Fervenza	Vimianzo (CO)	501.459	4.763.573	288	E. Martínez Sabarís	Macho en voo
31/8/2010	3	S. Andrés de Teixido	Cedeira (CO)	581.771	4.840.236	80	G. da Silva Méndez	Machos territoriais, interaccionan